



## Carta desde a banda da esperanza

---

Manuel Regal Ledo

### 1.- Canto custa a esperanza!

Cando a presente Crónica da Igrexa chegue ás mans de quen nos lea, xa estaremos tripando as primeiras semanas do ano xubilár 2025, ano co que o papa Francisco quixo entrar, e axudar a entrar, da man da esperanza. Palabra esta que adoitamos converter en moi recorrente, case ata o punto de a facer banal. Pero que palabra máis primordial! Unha desas palabras vitais que, sendo seres humanos, nos quere acompañar constitutivamente desde o nacemento ata a morte. E isto é así, polo menos para quen nos sentimos persoas cristiás, por lei de vida, por querenza de quen tal así nos fixo, para que sempre tivésemos unha derradeira agarradeira á que botar man cando o desalento nos pete á porta con insistencia e corramos o risco

de renunciar á dignidade que nos identifica e defende.

E mira ti que hai razóns para a desesperanza nesta hora! E, se así o sentimos nós, que en xeral nos movemos nas zonas cómodas e seguras deste mundo –comodidade e seguridade non son matriz primordial de esperanza–, que non dirán millóns e millóns de habitantes do planeta carentes dos recursos básicos para vivir e facelo dignamente. Botámoslle a caravilla ao ano vello ensombrecidas por mestos neboeiros. Entre nós, Valencia, Murcia, Andalucía sufriron os terribles efectos dunha DINA, que deixou ao descuberto a nosa fragilidade humana, na que se xuntan as forzas inocentes da natureza, o mal facer humano, culpable ou non, os intereses e/ou necesidades económicas e mesmo

a fatalidade. Entre os políticos hai de todo, pero non falta quen todo o emprega para varrer para a súa casa, e non precisamente bulleiro. Cando aprenderán a manexarse, a criticarse, a completarse desde o afán limpo polo ben do pobo!

As enchentes do leste e do sur faláronnos con voz potente do cambio climático, que aínda así moitísimos seguen negando teimosamente. Cambio climático que quere dicir quecemento excesivo, derivado do consumo de enerxías que o causan; que quere dicir poñer a riqueza por riba do coidado da natureza e da humanidade; que quere dicir DINA, turbulencias climáticas, desastres que descargan nos pobos máis pequenos e mesmo marxinais as peores consecuencias de todo isto.

Seguen xuntándose os xefes das nacións para debater sobre isto —a última vez no pasado novembro—, pero sen decisión clara de solucionar o problema. Mesmo está indo a máis unha corrente política internacional, irracional e mandona, que se chufa de non aceptar a realidade do cambio climático, que mesmo o interpreta como manexo inte-

resado. Agora mesmo un significado representante desta maneira de ver a realidade é o mesmo presidente electo dos EEUU, Donald Trump, nas mans do cal estarán ao menos por catro anos decisións importantísimas sobre a marcha do mundo. Deus nos colla confesados! Todos coñecemos as fragilidades do capital como entidade que sinala camiños obrigados na política real, pero se o capital se emborracha de si mesmo e ignora os camiños da xustiza social, daquela pobres de nós, pobre da xente pobre!

E seguen en pé as dúas guerras máis coñecidas e con elas esoutras ás que nin sequera lles poñemos nome, pero están, e con tanta destrución! Israel e Rusia seguen humillando a dignidade humana. E, aínda con protestas internacionais, seguen facendo case o que lles peta, sen que nin a razón nin o medo lles pare os pés. Que ben se amañaría o mundo investindo o gasto armamentístico en pan e menciñas, en negociación e entendemento —o pan cotián e as relacións fortalecidas co perdón, polas que a diario pregamos por ensinanza de Xesús, o Cristo!

Dóeme ter que recoñecer estas cousas –nas que todo o mundo sen excepción ten algunha responsabilidade–; dóeme, porque eu ousei no seu momento subtítular sempre esta Crónica como unha «Crónica desde a banda da esperanza», buscando ofrecer sempre razóns e sentimentos que nos levasen a poder esperar que o mellor triunfe sobre o mediocre, que o mundo se poida vestir de festa e non de loito, que a irmandade aos poucos fose chegando a ser real. Pero así son as cousas, así estamos cando remata este 2024.

E facémolo con esperanza. Apelando a Ignacio de Loiola –home que de guerras tolas se pasou a discernimentos pacíficos–, se non temos esperanza, podemos querer ter esperanza e mesmo querer ter esperanza, apostando por ese ínfimo humano –e divino– que é capaz de nos empuxar a cambios para os que nunca nos sentiríamos ben dispostos.

## 2.- Ai, a nova Xerusalén!

A esperanza invita a soñar. E soñar é o hálito que nos permite vivir. A iso nos invita o tempo

de Advento que xustamente empezamos agora, cando abro esta Crónica de Igrexa. Despois dunha imaxe tan apocalíptica do evanxeo do 1.º domingo de Advento, as lecturas do primeiro día da semana, do primeiro día de labor, ofrécennos os soños de Isaías como don e como tarefa. E soña o profeta cunha Xerusalén nova, onde se ofrecen as palabras e os sinais de Deus, que convoca a pobos numerosos a cambiar espadas por arados e lanzas por podadoras, soñando con que non haxa nación que se levante contra nación, pois nin sequera ningún se adestrará para a guerra, tan inservible a consideran. E Israel, quen o diría!, liderando tan insospitado movemento.

Seguirá o tan relixioso goberno xudeu actual, que convoca á guerra santa, revestida de dereito á defensa, estes soños do seu profeta? Recitarán sen rubor o salmo 121, festexando a Xerusalén como cidade de paz, onde asentan os tribunais de xustiza? E, coidado, todos temos a nosa cidade ideal na cabeza e todos temos a virtude nefasta de trastornar os soños máis dignos e xustos, ata convertelos no vertedoiro das nosas miserias.

Xesús, no evanxeo dese mesmo primeiro día de traballo, ofrecíanos un xeito ben diferente de soñar, de convivir co estranxeiro que mesmo parecería digno de todo desprezo: un centurión do exército dominador! Xesús abre a curta visión patrioteira, sostida por supostos privilexios divinos, e empeza a crear un espazo común novo, unha cidade nova: unha mesa ampla, universal, de oriente e de occidente, de xudeus e palestinos, de rusos e ucraínos, de estadounidenses e iranianos..., á que senten todos os pobos, convidados por Deus.

Un soño para o que somos capaces, porque Deus o sostén, nos sostén. Un soño ao que o Advento nos invita. E paga ben a pena, abofé!

### **3.- A literatura, unha boa compañeira**

Pero cambiemos de urxencias. Foi xa o 17 de xullo cando o papa Francisco nos obsequiou coa carta titulada «Sobre o papel da literatura na formación», carta que en principio fora pensada para os seminaristas (e a eles fai referencia repetidamente), pero que logo

considerou útil para calquera persoa. E abofé que o é!

Quen isto escribe forma parte dese número enorme de persoas formadas en espazos clericais (seminarios, conventos, mosteiros), para os que a literatura era algo visto con malos ollos; algo ao que non se facilitaba o acceso, e algo polo que, en consecuencia, se alargaba a man faltando, pecando. Que mágoa! Por iso, cando leo esta sinxela e ben razoada carta do papa, non deixo de me lamentar por me ter feito home e crente sen ese soporte tan fraterno, tan iluminador, tan purificador, tan divino que é a palabra humana narrando a realidade humana no seu máis amplo abano de vidas e circunstancias, de soños e fracasos, de éxitos e de vitorias.

Nos sete primeiros números o papa axúdanos a ver o valor da literatura na formación persoal. Podería resumirse nisto:

Ao ler, a persoa que le enriquecese co que recibe do autor, pero isto permítelle ao mesmo tempo facer agromar a riqueza da súa propia persoa, de xeito que cada nova obra que le renova e amplía o seu universo persoal. (n. 3)

Despois o papa vai analizando en pequenos apartados diferentes variables do significado positivo da literatura:

– «Fe e cultura» (nn. 8-13), que se abre así:

Para un crente que queira sinceramente entrar en diálogo coa cultura do seu tempo, ou simplemente coa vida de persoas concretas, a literatura faise indispensable. (n. 8)

E logo engade esta estarrecedora afirmación:

Grazas ao discernimento evanxélico da cultura, é posible recoñecer a presenza do Espírito na multiforme realidade humana, é dicir, é posible captar a semente xa plantada da presenza do Espírito nos acontecementos, sensibilidade, desexos e tensións profundas dos corazóns e dos contextos sociais, culturais e espirituais. (n. 12)

Hai Espírito, Palabra de Deus, na literatura, e non só na bíblica!

– «Xamais un Cristo sen Carne» (nn. 14-15): a literatura recolle da vida humana a carne de Cristo, da que escapan con facilidade movementos espiritualistas.

– «Un gran ben» (nn. 16-19), porque «nos prepara para comprender e, polo tanto, para afrontar as diferentes situacións que se nos poden presentar na vida». (n. 17)

– «Escoitar a voz de alguén» (nn. 20-22):

A tarefa dos crentes, e en particular dos sacerdotes, é precisamente «tocar» o corazón do ser humano contemporáneo para que se conmova e se abra ante o anuncio do Señor Xesús, e neste esforzo, a contribución que a literatura e a poesía poden ofrecer é dun valor inigualable. (n. 21)

– Unha forma de exercicio do discernimento (nn. 23-29):

Para os cristiáns, a Palabra de Deus e todas as palabras humanas deixan as pegadas dunha intrínseca señardade de Deus, tendendo cara a esa Palabra. Pódese dicir que a palabra verdadeiramente poética participa analoxicamente da Palabra de Deus. (n. 24)

– «Atención e dixestión» (nn. 30-33):

Distancia, lentitude e liberdade son trazos dunha aproximación

á realidade que encontra na literatura unha forma de expresión non exclusiva, senón privilexiada. (n. 32)

– «Ver a través dos ollos dos demais» (nn. 34-40):

Ao abrir o lector a unha ollada ampla da riqueza e da miseria da experiencia humana, a literatura educa a súa ollada na lentitude da comprensión, na humildade da non simplificación e na mansedume de non pretender controlar a realidade e a condición humana a través do xuízo. (n. 39)

– «O poder espiritual da literatura» (nn. 41-44):

Confío en ter posto de manifesto (...) o papel que a literatura pode desenvolver educando o corazón e a mente do pastor (...) na dirección dun exercicio libre e humilde da propia racionalidade, dun recoñecemento fecundo do pluralismo das linguaxes humanas, dunha extensión da propia sensibilidade humana e, en conclusión, dunha grande apertura espiritual para escoitar a Voz a través de tantas voces. (n. 41)

Sirva este detido resumo para espertar en quen o lea a ansia

por deleitarse cunha carta tan breve coma substanciosa.

Lendo esta carta tráenme ao recordo aquelas palabras de Federico García Lorca, cando no discurso inaugural (moi digno de ser lido tamén) dunha biblioteca do seu pobo natal, Fuente Vaqueros (Granada), en 1931, nun momento, dicía: «Non só de pan vive o ser humano. Eu, se tivese fame e estivese desvalido na rúa, non pediría un pan; senón que pediría medio pan e un libro.» E tamén: «Libros!, libros! Velaquí unha palabra máxica que equivale a dicir: «amor, amor», e que debían os pobos pedir como piden pan ou como deven pola chuvia para as súas sementeiras».

#### 4.- Dúas viaxes significativas

No pasado mes de setembro, o papa fixo dúas viaxes, ambas moi significativas, aínda que as razóns para fosen ben distintas.

A primeira, do 3 ao 13 de setembro, tivo como destino Indonesia, Papúa Nova Guinea, Timor Oriental e a cidade estado de Singapur. Indonesia, o país con máis poboación musulmá

do mundo, preto dos 200 millóns, onde os católicos, con 8 millóns de habitantes, representan o 3,1 % da poboación. A tolerancia relixiosa é completa. No seu discurso o Papa recreouse e recreou o lema nacional do país: «Moitos, pero un». Aproveitou a estancia para firmar co gran imán de Yakarta a «Declaración de Istiqlal», promovendo a harmonía relixiosa polo ben da humanidade. Curioso e poida que único no mundo o feito de que un túnel, o «túnel da amizade», une a mesquita coa catedral católica. En fin, que o papa na súa salsa. Canto aposta por isto!

En Papúa Nova Guinea (colonizada por europeos) o composto relixioso é ben diferente: diversas denominacións protestantes o 70 %, católicos o 26 % e un moi pequeno número de musulmáns; pero a integración relixiosa é excelente. País pobre, cunha grande riqueza cultural, enriquecida pola harmonía na diferenza. Unha Igrexa autóctona viva, creativa, como se deixou ver na mesma liturxia eucarística.

Timor Oriental, colonia portuguesa ata 1975, é un país

pobre e de pouca poboación: 1.300.000 habitantes, dos que o 95 % son católicos. O bispo Carlos Ximenes Belo, salesiano, significouse por animar moito o proceso de independencia e por defender os dereitos humanos, polo que recibiu o premio Nobel da Paz en 1996 xuntamente con José Ramos Horta. Pero tamén se significou, e de que maneira, por ser acusado en 2002 de abusar sexualmente de menores de idade, razón pola cal tivo que abandonar o país; só en 2021 se o someteu a unha disciplina especial de accións e movementos. Con todo, 600.000 persoas –a metade da poboación– participou na Eucaristía.

A cidade-estado de Singapur ten 6 millóns de habitantes. No encontro coas autoridades, o papa falou da fraternidade humana e da sustentabilidade ambiental; valorou a prosperidade da cidade, pero pediu moita atención aos colectivos fráxiles.

Nun encontro coa mocidade, entre outras moitas cousas, fixo esta potente afirmación: «Hai un só Deus e existen varios camiños e linguas para chegar a

Deus. Todas as relixións son un camiño para chegar a Deus, e como Deus é Deus para todos, todos somos fillos de Deus». É dicir, a «*Fratelli Tutti*» de pés a cabeza.

Unha viaxe longa, cansada seguramente, pero diríamos que cómoda para o papa; ben acollido, ben escoitado, escoitando tamén, creando vínculos de fraternidade.

Non foi tanto así na viaxe que nese mesmo mes de setembro fixo a Luxemburgo e Bélxica entre o 26 e 29 de setembro. En Luxemburgo fixo unha parada de poucas horas; pronunciou un discurso ás autoridades civís e tamén compartiu coa comunidade católica. O mesmo 26 xa estaba en Bélxica, a onde ía para solemnizar os 600 anos da fundación da sonada universidade católica de Lovaina. O 27 pronunciou un discurso ás autoridades e sociedade civil e pola tarde tivo un encontro tamén cos profesores universitarios. O profesorado tiña preparada unha comunicación na que falaba dunha serie de cuestións que lle parecían preocupantes, unha delas a condición da muller na Igrexa. Na resposta a

este asunto, retomada na viaxe de volta en avión, o papa Francisco volveu ofrecer os argumentos que vén repetindo cando se aborda esta cuestión: o tema da ordenación da muller está definitivamente pechado, despois da intervención ao respecto de Xoán Paulo II; e para aclarar a dignidade do papel da muller na Igrexa apela a que na Igrexa hai niveis máis importantes do que o nivel xerarquía ordenada; María, p. ex., tivo máis relevancia os mesmos apóstolos xa nas primeiras comunidades cristiás. É unha argumentación que nos chega un pouco enredosa; o papa diraa convencido, pero a moitísima xente chéganos como unha maneira de evitar afrontar cara a cara unha realidade que representa unha profunda anomalía cultural e humanitaria para a xente de hoxe. Gustoume moito a interpretación que deste argumentario papal fai a profesora Anita Prati nun artigo publicado por *Religión digital* o 21 de novembro, titulado «*Francisco y las mujeres: palabras, palabras, palabras*», onde chega a confrontar o papa co seu propio empeño, a sinodalidade, para concluír afirmando: «A Igrexa, que Francisco dixo que



quería que fose sinodal, segue a ser, de feito, un «papado». Paga a pena ler este artigo, desde o espírito e a escoita sinodal.

Se este tema puido ser algo acedo para o papa, non o sería menos o tema do aborto. Visita o sepulcro do rei Balduino, e chufa a súa decisión de abdicar de rei durante tres días para non firmar a lei do aborto no 1990. Comenta as críticas recibidas, mesmo do primeiro ministro belga, cos periodistas nas viaxe en avión, e recalca que o aborto é un asasinato, e que os médicos que o facilitan son os sicarios do crime. Seguro que hai maneiras de dicir non ao aborto sen este tipo de comparanzas. Bélxica é un país no que a Igrexa católica está sufrindo moitas apostasías, en parte tamén polos escándalos dos abusos sexuais a menores, polos que o papa con moita forza e insistencia pediu-lles perdón no nome de toda a Igrexa.

## 5.- Remate do sínodo da sinodalidade

Dous anos van aló desde o comezo deste sínodo anómalo por diferentes razóns: por ser

un sínodo sobre a mesma sinodalidade (e non son ganas de marear a xente), polo longo –de 2021 a 2024–; pola implicación de miles e miles de homes e mulleres que quixemos participar nos grupos sinodais creados, polas dúas grandes Asembleas máis restrinxidas dos outonos de 23 e de 24, pola distribución dos asistentes en mesas redondas que facilitasen a comunicación, e pola presenza nestas Asembleas non só de bispos, que era o habitual, senón tamén de curas, relixiosos/as, segres, homes, mulleres... Demasiadas alteracións, positivas ao noso ver case todas elas, como para que non soasen voces de protesta, ou para que houbese quen decidise non implicarse no asunto. Aínda que para Anita Prati o papa, ao menos no tema comentado máis arriba, fallase en sinodalidade, coido que é el unha persoa convencida desa funcionalidade na Igrexa, por máis que ás veces poida dicir e facer cousas que parezan incoherentes. Para el, como para todos nosoutros, vivir en espírito de sinodalidade é unha materia vital que empezamos a estrear na Igrexa. E custa, eh, vaia se custa!

Ben, entre o 2 e o 27 do pasado outono celebrouse a segunda Asemblea xeral do sínodo. Foi precedido por dúas xornadas de retiro. Excluídos os 10 temas nos que habían profundar grupos especializados, o traballo centrouse en traballar e madurar o mesmo feito da sinodalidade como práctica eclesial que ha ser sinal de identidade en todas as realidades eclesiais, cara a dentro e cara a fóra da mesma Igrexa. Camiñar xuntos: comunión, participación, misión.

O resultado ofreceuse o día 26 nunha Síntese do traballado: unha introdución e cinco partes. Significativa a nota do n. 5 da introdución: O Sínodo desenvolve o Vaticano II, ata o punto de se considerar como unha ulterior recepción do Concilio. Estes son os títulos de cada unha das cinco partes: 1. O corazón da sinodalidade. 2. No barco, xuntos. 3. Botar a rede. 4. Unha pesca abundante. 5. Eu tamén vos envío. É conclusión. Unha síntese interesante, que haberá que ir lendo, meditando, asumindo, para se poder amoldar a esa dinámica espiritual en todos os momentos da vida eclesial. Porque o

importante vén agora: que realmente se leve á práctica, cousa que vai depender da vontade de cadaquén; e estes «cadaquén» poida que o teñan máis difícil se exercen autoridade.

O Sínodo evitou afrontar ningún dos temas máis presentes na voz e no ánimo da xente que participara previamente nos grupos sinodais, co que se limitou a teorizar sobre o feito da sinodalidade, por máis que neses grupos sinodais previos se lle metese o dente a cuestións candentes, para as que se buscaba un posicionamento novo. Nada disto se fixo. Practicouse a sinodalidade nos grupos da Asemblea a certo nivel. A un nivel que alguén titulou de mol, brando. Pero, excluindo os temas complexos, non se levou a sinodalidade aos extremos nos que habitualmente se xera tensión e a sinodalidade se fai máis difícil. Igual se puido apostar por unha cousa intermedia: traballar a fondo a sinodalidade, e facer a práctica de abordar un par deses temas fortes. Pero, aínda en sinodalidade, quen manda non roga.

Significativa, moito, a decisión do papa de renunciar a

escribir unha Exhortación Pos-sinodal e de lle dar rango de maxisterio ordinario ás conclusións do Sínodo. A algúns non lle gustou moito o feito. Á maioría coidamos que si, e moito.

## 6.- Madrid ten corazón

Mentres en Roma avanzaban en Sinodalidade, en Madrid o Cardeal José Cobo presidía un significativo acto de homenaxe ás vítimas de abusos de todo tipo dentro da Igrexa. Era o 21 de outubro. Foi fóra e dentro da catedral da Almudena, porque para algunhas vítimas aínda lles era imposible entrar nun ámbito eclesial. Un acto moi semellante en forma e fondo ao que o 24 de marzo do 2023 promovera en Bilbao o bispo Joseba Segura.

Abriuse o acto ás portas da catedral proclamando o salmo 13 (12): «Canto tempo aínda, Señor, me seguirás esquecendo? Por canto tempo me ocultarás a túa cara?»; ao que lle seguiron a narración de arrepiantes experiencias de abuso sufridas por diferentes persoas en momentos da súa vida pasada. Estaba alí «Repara», organismo creado polo mesmo José Cobo cando aínda era bispo, para ofrecer

un apoio integral a todas as vítimas; estaba alí para subliñar que soamente se sanda falando, pois nin calar nin o tempo remedian nada.

E pasouse ao interior da catedral. O *Adagio* de Albinoni acompañou esta entrada dolorosa, densa. Esperaba un altar sobrio, baleiro. José Cobo alí só, representando a esa Igrexa pecadora que necesitaba e pedía perdón por todo tipo de abusos na Igrexa. Proclamouse o texto da clarificación final (Mt 25, 31-46), e a continuación o cardeal dirixiuse ao público asistente, orou pola sandación das vítimas, e pola conversión dos vitimarios; claramente se puxo do lado das primeiras, recoñeceu sen melindres a responsabilidade da Igrexa e prometeu facer o posible e o imposible para resarcilas e para que cousas así se vaian erradicando para sempre da Igrexa.

Rezaron un Noso Pai, e plantaron unha oliveira fóra da catedral, por aquilo de que a oliveira «ensínanos que é posible o milagre do consolo do aceite e da vida que se abre paso cando as raíces abrazan a terra con firmeza».

Parece que tanto o Goberno coma a CEE teñen a idea dun acto de reparación xeral. Pero bo é que haxa bispos que, ante a gravidade do mal feito, non aguanten a espera e sementen España de actos de serio arrepentimento. De momento soamente dous ousaron facelo. E iso que día tras día seguen aparecendo casos por comisión do delito ou por encubrimento do mesmo que urxen a que as cousas se tomen en serio, porque o mal do abuso, en todas as súas formas, ten fonda raizame sistémica que non se cura con catro declaracións de principios de promesas.

Cando isto escribíamos, alguén nos fixo chegar un *whatsapp* que circulaba polas redes coa información de que o cardeal de Madrid prohibira que na parroquia de San Carlos Borromeo, en Entrevías (Madrid), se proxectara a curta-metraxe «Gaza», nomeada aos premios Goya. Estrañábanos que Jesús Cobo actuase así, e pedimos información á xente amiga de Madrid. Certamente non foran así as cousas. Foi o cardeal Osoro quen en 2019 prohibira a proxección da curta-metraxe, disque por presións

da comunidade xudía. A obra estaba moi ben feita, pero case todo o mundo recoñece que as atrocidades que xa daquela cometían contra o pobo palestino non eran case nada comparadas coas que levan cometido e seguen a cometerse desde que empezou o enfrontamento actual. O exército xudeu multiplicou por mil a barbaridade inicial de *Hamás*, ata o punto de que boa parte da poboación mundial recoñece que estamos ante un claro caso de xenocidio.

## 7.- E Galicia ten un problema coa súa lingua propia

O normal é que a fala dun pobo non teña por que ser factor de preocupación, de mágoa, de amargura; en todo caso que sexa o instrumento máis axeitado para compartir tales experiencias. Algo anómalo pasa cando un pobo, unha comunidade autónoma avanza en renegar da súa lingua. E iso foi o que deixaron en evidencia os resultados da enquisa do IGE (Instituto Galego de Estatística) publicados o 11 de outubro. Os diferentes indicadores da mesma evidenciaban un significativo retroceso, especial-

mente preocupante o referido á presenza da fala na infancia e na adolescencia ata os 14 anos.

Desde esta revista Encrucillada temos claro que non é algo que nos deixe indiferentes. E iso por sermos xente de Galicia e por sermos persoas cristiás. Sermos xente de Galicia dános un especial apego e empatía por todo o que nos singularice como persoas galegas, e canto significa a lingua propia a este respecto. A lingua é un mundo. Un mundo cultural, antropolóxico, social. O noso mundo. E sermos persoas cristiás fainos especialmente sensibles e agradecidos con todo o que temos recibido dos nosos maiores; sensibles e agradecidos tamén con todo o que eles fixeron para construír a fala –ao tempo que a fala os construía tamén a eles– para normalizala na súa existencia e sufríla en moitas ocasións polo desprezo que dos «grandes» recibían por tal cousa. A nosa fala formou parte de nosa fragilidade como persoas e pobo, e como non solidarizarnos con esa fragilidade, se seguimos a un mestre que fixo das fragilidades o lugar especial da súa presenza e acción!

Por iso mesmo dóenos especialmente a pouca valoración da propia fala que se está a dar dentro da Igrexa en Galicia. Igual, por desgraza, non fai falla enquisa algunha sobre a Igrexa galega para se decatarse da escasa presenza que ten nos diferentes actos de culto. Está sequera garantido que en cada cidade ou vila cando menos se poida atopar unha igrexa onde a xente que así o queira poida participar nos actos de culto en galego? Faíse algún traballo de forma sistemática –pasiño a pasiño, tendo claros os obxectivos– para devolverlle ao pobo a posibilidade que lle roubaron de se expresar ante Deus na súa fala cotiá, roubo no que a Igrexa tamén participou formando parte da elite castelanzante?

Dúas cousas que nos preocupan. Unha, que no Seminario Interdiocesano aberto este curso se traballe con fondura esta cuestión, botando man para iso, entre outras cousas, das conclusións do Concilio Pastoral de Galicia do ano 1976, e dos escritos que sobre o tema nos deixou o bispo mindoniense Miguel Anxo Araújo Iglesias, especialmente a súa

profética carta do 1975 «A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega» e a súa profunda análise «Achegamento a unha ética da galegitude», coa que abre o libro titulado «Escritos cristiáns sobre problemas, personaxes e conflitos de Galicia» (Edicións do Castro, 1987).

E outra: tamén nos preocupa, e moito, o que está a pasar con curas estranxeiros –africanos e suramericanos sobre todo–, que se están incorporando por un tempo ou de forma estable ao traballo pastoral en Galicia. A práctica misioneira que seguen concienciadamente o clero e as ordes que a iso se dedican empeza por un minucioso coñecemento da realidade social, cultural, lingüística, laboral, etc. da comunidade na que queren servir, cousa á que lle dedican tempo e tempo. Considérano imprescindible para facer un bo traballo de anuncio do Evanxeo.

Aquí parece que iso non conta. Chega un cura deses lugares e aos dous días está levando responsabilidade pastoral sen case introdución ningunha na realidade da xente, do pobo que ha de acompañar.

Descoñecendo a idiosincrasia do ser galego, usos, costumes, vicios e méritos, e lingua. E mesmo forzando ás veces que, por non entenderen eles o galego, a comunidade se teña que amoldar a eles. Non se ve interese por unha necesaria inculturación. Ser pastor que ole a ovella, tamén supón coñecer e aprender humilde e pacientemente as maneiras de ser e de falar da persoa que se acompaña. Se quen ten responsabilidade quere, estamos a tempos de remediar estas incongruencias.

## 8.- «*Dilexit nos*» (amounos)

O 24 de outubro, soamente tres días antes de que se pechase, coa segunda Asemblea, o sínodo da sinodalidade, o papa Francisco fixo pública a súa cuarta encíclica, titulada «*Dilexit nos*», é dicir, «amounos», referíndose loxicamente a Xesús, a Deus. A encíclica intenta valorar e mesmo recuperar e fortalecer a devoción ao Sagrado Corazón, da que os xesuítas teñen sido grandes difusores polo mundo adiante. Componse o escrito de cinco partes: 1. A importancia do corazón. 2. Xestos e palabras

de amor. 3. Este é o corazón que tanto nos amou. 4. Amor que dá de beber. 5. Amor por amor.

Recoñezo que non fixen senón botarlle unha ollada moi por riba. Prometo unha lectura orante e actuante, tal como lle gustaría ao mesmo papa. De momento, ante isto, sentínme moi identificado coa breve achega de Dolores Aleixandre en «Vida Nueva» 3.389, p. 7, titulada «*Compendiarios*» na que a coñecida biblista mostra certa fartura de tanta e tan ampla literatura relixiosa que diariamente nos chega á casa mesmo coa obriga de lectura, polo que ela pide de favor que alguén lle facilite «compendios», resumos, sínteses, para poder aproximarse á substancia de tanto como tantos e tantos din e escriben: Encíclicas e múltiples escritos do papa, logo escritos e comunicados das conferencias episcopais, logo os escritos periódicos de cada bispo por mor dunha chea de circunstancias eclesiais e sociais, logo os comunicados das diferentes delegacións diocesanas, logo as lecturas que nos recomentan nos grupos de base dos que formamos parte..., en fin unha chea de

palabras que fan que un suspire polo silencio para si e que un rogue tamén para que outros calen. E isto non é un desprezo. é unha necesidade para que as palabras non nos desborden e afoguen.

Fágolle caso a Dolores e, por ela e por min mesmo, resumo por adiantado a encíclica do papa con esta pregaría do Padre Arrupe, dirixida tamén, e con que intensidade, ao Sagrado Corazón. Ofrézoa en galego.

#### Oración do P. Arrupe a Xesús

Xesús, meu Deus, meu  
Redentor,  
meu Amigo, meu íntimo Amigo,  
meu corazón, meu cariño.

Aquí veño, Señor, para che dicir desde o máis fondo do meu corazón e coa máis grande sinceridade e agarimo de que son capaz, que non hai nada no mundo que me atraía, senón soamente ti, meu Xesús.

Non quero as cousas do mundo.  
Non quero consolarme coas criaturas.  
Soamente quero baleirarme de todo e de min mesmo, para te amar soamente a Ti.

Para Ti, Señor, todo o meu  
corazón,  
todos os seus afectos, todos os  
seus agarimos,  
todas as súas delicadezas...

Oh, Señor, non canso de cho  
repetir:  
non quero nada senón o teu  
amor e a túa confianza.  
Prométoche, xúroche, Señor,  
escoitar sempre as túas  
inspiracións,  
vivir a túa mesma vida.

Fálame moi frecuentemente  
no fondo da alma  
e esíxeme moito,  
que che xuro polo teu Corazón  
facer sempre o que ti desexas,  
por cativiño e custoso que sexa.

Como che hei poder negar algo,  
se o único consolo do meu  
corazón

é agardar que caia unha  
palabra dos teus beizos,  
para satisfacer os teus gustos?

Señor, mira a miña miseria, a  
miña dureza,  
a miña debilidade...  
Mátame antes de que che  
negue algo  
que Ti queiras de min.

Señor, pola túa Mai!  
Señor, polas túas almas!,  
dáme esa graza...

E con estas saborosas pala-  
bras do P. Arrupe pechamos esta  
Crónica, desexando a quen nos  
lea –e tamén a quen non– que  
o ano 2025, ano xubilar, sexa de  
xúbilo maiormente para quen  
ande envolto en penalidades.  
Ata a próxima, amigas, amigos.

**Manuel Regal Ledo**